



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



 Xacobeo 21-22

CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN CLUSTER NAVAL DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES NA FEIRA NAVALIA 2022

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



 Xacobeo 21-22



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A ASOCIACIÓN CLUSTER NAVAL DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES NA FEIRA NAVALIA 2022

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2022

REUNIDOS

Dunha parte Don **Fernando Guldrís Iglesias**, en nome e representación do **Instituto Galego de Promoción Económica**, en adiante **Igape**, con NIF Q-6550010-J, e con domicilio social en Edificio IGAPE, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n. 15707 Santiago de Compostela, na súa calidade de director xeral). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

E **doutra**, Don **Manuel Vázquez Castro**, con DNI 36.095.571-S, na súa calidade de presidente da **Asociación Clúster Naval de Galicia**, en adiante **Aclunaga**, con NIF G-15710338, elixido presidente da Asociación na Asemblea Extraordinaria do 2018, celebrada o 30 de xullo de 2019, e facultado para este acto en virtude dos poderes que lle outorgan os Estatutos da asociación.

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade para formalizar o presente convenio de colaboración e, por isto,

EXPOÑEN

I. O Igape, creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, é un ente de dereito público adscrito á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación configúrase como un instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o impulso do desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan a creación de emprego baseado nun tecido empresarial moderno, internacionalizado e competitivo. Entre as súas funcións está a de proporcionar información sobre os mercados e favorecer o desenvolvemento das exportacións e acordos con empresas estranxeiras. O Igape, consecuente cos seus obxectivos e fins, entende que a internacionalización achega ás empresas galegas, e ao tecido produtivo en xeral, a posibilidade de acadar maiores economías de escala, de mellorar a calidade, comercialización e diferenciación dos seus produtos e servizos, de entrar en contacto con outro tipo de mercados, consumidores e competidores, de mellorar o know-how dos traballadores e directivos, o que estimula e incrementa a súa produtividade, eficiencia, desenvolvemento tecnolóxico e capacidade competitiva.

A internacionalización do tecido empresarial galego é un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e acadar o crecemento económico. Unha aposta que se plasma na Estratexia da Xunta de Galicia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025 que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, calidade e impacto das



exportacións da empresa galega en 2025 achegando a un valor total das exportacións galegas de 25.000 millóns de €, incrementar a base exportadora galega ata acadar 8.000 empresas exportadoras, diversificar os mercados obxectivo fóra da UE, especialmente en Estados Unidos, América do Sur, Asia e o Reino Unido, contribuír a lograr polo menos 1.000 empresas internacionalizadas dixitalmente e acercar o talento exportador as pemes galegas acercando 500 profesionais galegos especializados na internacionalización.

II. ACLUNAGA representa ao Sector da Industria Marítima de Galicia, é unha asociación empresarial sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e con plena capacidade de obrar. Segundo o artigo 5º dos seus estatutos, constitúese con obxecto de lograr a unión e integración de todos os axentes da industria naval e marítima galega, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e o fomento da cultura marítima galega. Deste xeito, ACLUNAGA é a única asociación empresarial específica do sector naval en Galicia, e todas as actividades empresariais que interveñen nun proxecto de construción naval están representadas.

ACLUNAGA ten entre os seus fins:

- a) Promover o diálogo horizontal e transversal entre as empresas a través de foros, comités e reunións de traballo que aborden todos os temas de alta prioridade que afectan o sector.
- b) A internacionalización do sector naval galego.

Polo exposto, ACLUNAGA é o espazo de encontro de todo o sector naval e marítimo galego e a entidade que integra os seus intereses, promovendo a colaboración no sector co obxecto de incorporar valor engadido ao produto en todas as fases do seu desenvolvemento, e axudando aos seus socios a desenvolver novos mercados.

III. Galicia é unha comunidade marítima por excelencia, salientable en sectores como a pesca, a acuicultura, a defensa marítima, a náutica deportiva, a biotecnoloxía mariña e o sector naval.

O sector naval, que inclúe a construción, a reparación e a industria auxiliar, é considerado estratéxico dentro da Axenda de Competitividade de Galicia: Industria 4.0 para o período 2015-2020 e ampliada para o cuatrienio 2019-2022, tanto polos postos de traballo que xera como polo seu nivel de facturación e o seu carácter tractor, con gran repercusión na contorna socioeconómica rexional: supón o 5% do produto interior bruto galego, dá emprego a 16.000 persoas e a súa facturación media anual da última década acadou os 2.500 millóns de euros, o que converteu a Galicia na primeira comunidade española en construción e reparación naval.

Non obstante, este é un sector sometido a estritas regulamentacións e a unha enorme competencia doutros países, polo que a internacionalización das empresas do sector é fundamental para manter e mellorar a súa posición competitiva.

IV. NAVALIA, International Shipbuilding and Maritime Industry Exhibition é unha feira especializada na construción naval onde se dan cita as empresas e profesionais vinculados a este sector para mostrar os seus produtos e servizos. Os fabricantes e distribuidores de material, maquinaria e tecnoloxía para a construción naval, as empresas especializadas en servizos marítimos e de enxeñería, os armadores e a industria auxiliar teñen en Navalia unha oportunidade de negocio e de intercambio de información. É a primeira feira de Es-



pañe e do sur de Europa no seu sector, e combina a exhibición con xornadas de traballo, xornadas técnicas e máis de 40 relatorios cada ano.

Celébrase con periodicidade bienal dende 2006, polo que a de 2022, que se celebrará en Vigo do 24 ao 26 de maio, é a súa 8ª edición. Este evento conta co recoñecemento de feira comercial de internacionalidade completa concedido polo Goberno de España.

As cifras acadadas na última feira de 2018 (a edición do 2020 non se puido celebrar por causa da pandemia) dan idea da magnitude do evento e da importancia que ten para o sector naval galego, xa que contou con máis de 25.000 visitantes, 600 expositores de 800 empresas procedentes de 90 países de todo o mundo, xerándose negocios por valor de máis de 5.000 millóns de euros.

V. Tendo en conta todo o anteriormente exposto, é claro que promover a participación das empresas do sector naval galego na feira, así como atraer a ela a posibles clientes estratéxicos do exterior é de extraordinario interese para a comunidade autónoma, tendo en conta a proxección internacional de Navalia e a súa capacidade de xerar negocio, en particular para o sector naval, pero tamén para outros sectores relacionados que son igualmente relevantes na economía galega, como poden ser o da metalmecánica ou auxiliar de enerxía renovable entre outros.

VI. En consecuencia, ámbalas dúas partes acordan subscribir o presente convenio de conformidade coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira. *Obxecto*

O obxecto deste convenio é organizar conxuntamente con ACLUNAGA actividades no seo da feira Navalia 2022 co fin de achegar as empresas galegas a potenciais clientes internacionais e mellorar a formación dos directivos das mesmas. As actividades serán:

- "ACLUNAGA Summit": unha xornada de conferencias sobre cuestións de interese para o sector.
- Misión inversa de empresas de diversos países.

Segunda. *Xustificación da utilización da figura do convenio*

Motívase a utilización da figura do convenio, dada a especificidade de ACLUNAGA, que é unha asociación sen ánimo de lucro que integra neste momento a 130 empresas e entidades relacionadas co sector naval nos seguintes eslabóns da cadea de valor:

- Armadores
- Estaleiros
- Electricidade, electrónica e automatización
- Equipo e accesorios de casco e cuberta
- Estrutura
- Habilitación
- Maquinaria auxiliar
- Seguridade, salvamento e sistemas contra incendios
- Servizos para construción e reparación
- Servizos propios do buque



- Sistemas de propulsión
- Subministradores
- Tratamento e protección de superficies
- Centros Tecnolóxicos
- Universidades
- Entidades Financeiras
- Aseguradoras
- Autoridades Portuarias

O ámbito de negocio naval de Galicia estímase en 324 empresas, que facturan aproximadamente 1.958 M€, mentres que as empresas do clúster representan unha facturación agregada estimada de 1.576 M€, que representan un 80,5%. É clara, pois, a representatividade sectorial única de ACLUNAGA.

ACLUNAGA é a única asociación con vinculación ao sector naval que está inscrita no Rexistro de Agrupacións Empresariais Innovadoras do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, regulado pola Orde IET/1444/2014, o cal acredita que se trata dunha entidade sen fins de lucro caracterizada por ser unha combinación, nun espazo xeográfico e/ou sector produtivo, de axentes involucrados en procesos de intercambio colaborativo dirixidos a obter vantaxes competitivas mediante a execución de proxectos de carácter innovador.

Por outra parte, as actividades do convenio coinciden plenamente coas que ven desenvolvendo habitualmente ACLUNAGA. Só unha representatividade adecuada, xunto coa presenza na totalidade da cadea de valor asegura unha axeitada colaboración, a permeabilidade das accións formativas e o aproveitamento pleno da presenza de representantes de empresas internacionais na feira Navalía. Xustifícase así a imposibilidade de promover a concorrencia pública, que coincide con vantaxes e sinerxías así como a axeitada dinámica e axilidade para o IGAPE ao manter unha relación colaborativa fluída, eficiente e sinérxica cun só actor.

Por outra banda, mediante este convenio o IGAPE non encomenda unha xestión de servizos á ACLUNAGA, senón que expón un marco de colaboración no que une as dúas experiencias e eidos de competencias de cadaquén para conseguir un fin común como é o de promover máis negocio naval para Galicia. Esta é a canle axeitada, rigorosa e segura a través da colaboración leal e profesional entre os asinantes.

E esta idea de colaboración na consecución do fin común de desenvolvemento de negocio a que fundamenta a subscripción deste instrumento.

Terceira. Actuacións conxuntas do convenio

As actuacións de desenvolvemento de negocio durante a feira Navalía que ambas as partes consideran oportuno xestionar a través do presente convenio desenvolveranse nos seguintes eidos:

1. ACLUNAGA SUMMIT: xornada de difusión, formación e networking entre empresas do sector, na que se organizarán ponencias sobre as temáticas Workboats & Tugs, Megayachts & Leisure Boats ou Pesca. Os speakers e delegados invitados participarán tamén da "Aclunaga Welcome Dinner", onde unhas 70 persoas interrelacionaranse cos conferenciantes de alto nivel e convidados á misión inversa.
2. MISIÓN INVERSA: como parte do plan de internacionalización do sector naval que se está a levar a cabo co apoio da Xunta de Galicia, a través de Igape, organizarase unha mi-



sión inversa de empresas de diversos países do mundo (en particular, Noruega, Sudáfrica, Canadá, Ecuador, Alemaña, Holanda, Bélxica, Perú e Colombia), coincidindo coa celebración de Navalía. Na devandita misión prevese a participación de polo menos 15 empresas dos países citados, todos eles países onde Aclunaga xa levou a cabo acción de promoción e vendas.

O negocio do naval é un dos máis globalizados da economía galega. Ao tratarse de produtos de integración que representan unha inversión moi significativa, os armadores fan unha busca global antes de tomar unha decisión de compra. Mediante esta misión inversa traeranse a Galicia persoas que, pola súa cualificación e cargo desempeñado, son compradores cualificados do sector. O obxectivo é organizar visitas ás empresas galegas, poñelos en contacto con directivos e empresarios do naval e deste xeito incrementar a notoriedade e posicionamento do mesmo nos principais mercados obxectivo.

As temáticas e actividades concretas, así coma os países de orixe da misión inversa, enténdense coma indicativas e poderá ser axustada, co visto bo da comisión de seguimento do convenio, en función da oportunidade e demanda que se produza. O número de asistentes e empresas na misión inversa que se indica é o valor para considerar unha execución completa do convenio.

As partes poderán, de xeito consensuado, organizar actividades a maiores ao abeiro deste convenio, sen que isto comporte maior asignación económica.

Cuarta. Obrigas do Igape

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o IGAPE:

1. Contribuirá cun máximo de 24.500 € con cargo á partida orzamentaria 06.A1 741A 6400 para o ano 2022. O anexo III "Memoria Económica" detalla esta contribución. ACLUNAGA carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terá que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.
2. Participará na Comisión de Seguimento.
3. Difundirá o proxecto a través das canles que, estando ao seu alcance, considere oportunos.

A aportación económica do IGAPE limitarase segundo a expresión seguinte: $1.000 \text{ €} * \text{PMI} + 100 \text{ €} * \text{PAS}$, onde "PMI" é o número de participantes de empresas foráneas na misión inversa, e "PAS" é o número de persoas participantes na actividade "Aclunaga summit".

Quinta. Obrigas de Aclunaga

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio ACLUNAGA:

1. Contribuirá cun máximo de 10.500 €.
2. Xustificará a totalidade das aportacións ao convenio a través de gastos atendibles segundo a cláusula sexta deste convenio.
3. Responsabilizarase de organizar as actividades do convenio na súa totalidade, en estreita colaboración co IGAPE.



4. Someterá á aprobación do IGAPE calquera cuestión relevante antes de levar a cabo as actividades. Este proceso de proposta e visto bo levarase a cabo a través da Comisión de Seguimento do convenio.
5. Será responsable da captación de asistentes e da difusión das actividades, incluíndo en tódalas comunicacións o logotipo do IGAPE asociado ao da Xunta de Galicia.
6. Non repercutirá a terceiros importe superior á súa aportación ao convenio.

En caso de obtención doutros patrocinios concorrentes, públicos ou privados, para a organización das actividades, reducirase a achega de ambas entidades na mesma proporción que as súas aportacións, ou ben ampliarase o alcance das actividades.

Sexta. Gastos atendibles

Con carácter xeral considéranse gastos atendibles aos efectos do Convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao Convenio:

Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 30 de setembro de 2022.

O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable para ACLUNAGA.

Todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000 € deben ser notificados ao IGAPE antes da súa contratación.

Será obrigatorio presentar 3 orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 15.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

Os gastos nos que incorra ACLUNAGA serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio, e decrementarán o importe total a achegar polos asinantes na mesma porcentaxe que achegan ao convenio. En ningún caso a contribución do IGAPE aos fins do convenio superará o 70% do gasto incorrido, unha vez detraídas as devanditas cantidades.

Todos os gastos externos xustificados por ACLUNAGA deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificados, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

O IGAPE farase cargo dun máximo dun 70% dos gastos totais das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 30% restante á aportación de ACLUNAGA. Os gastos clasifícaranse en:

- a) Custos de persoal de ACLUNAGA, en base a nóminas pagadas e certificado de dedicación ao proxecto.
- b) Desprazamentos, aloxamentos e manutención de participantes nas actividades e persoal de ACLUNAGA, cando proceda.
- c) Alugueiros de espazos e medios.
- d) Gastos de publicidade e difusión.
- e) Remuneración de poñentes.
- f) Consultaría ou asistencia técnica especializada en mercados internacionais obxectivo da misión.
- g) Servizos de interpretación na misión.



h) Outros gastos externos que respondan indubidablemente á realización das actividades e fins do convenio, e que deberán autorizarse pola comisión de seguimento.

Sétima. Xustificación e pagamento

ACLUNAGA debe presentar ante o Igape, antes do 30 de outubro de 2022, a seguinte documentación:

- Informe/memoria xustificativa asinado e selado polo seu representante legal do cumprimento das condicións impostas neste convenio, con indicación das accións levadas a cabo, dossier fotográfico, resultados obtidos e as incidencias mais significativas.
- Certificación dos gastos (segundo o modelo do Anexo I).
- Xustificación dos gastos e pagamentos: orixinais ou copias compulsadas das facturas ou dos documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados na relación do Anexo I. As facturas en moeda estranxeira deben presentarse cos documentos bancarios de cargo no que conste o cambio empregado pola entidade financeira ou se non é posible, aplicarse o cambio oficial do euro do Banco Central Europeo publicado na web do Banco de España na data de pagamento da factura.
- Nóminas pagadas e certificado de dedicación emitido por ACLUNAGA, onde se deixe constancia documental das horas efectivamente consumidas polos traballadores/as imputables ao proxecto. Os certificados de dedicación deberán explicitar as dedicacións horarias, en documento asinado polo responsable da entidade e a persoa empregada.
- A xustificación dos pagamentos farase mediante: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.
- Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. De acordo coa cláusula décimo primeira deste convenio ACLUNAGA autorización a realización das mesmas.
- Declaración responsable da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento, segundo o anexo II.
- No seu caso, as tres ofertas de diferentes provedores ás que se refire a cláusula sexta.
- Outros ingresos: certificado de achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización da feira Navalía 2022, non podendo superar o 100% do seu custo total.
- Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.

O Igape unha vez recibida a documentación estipulada nesta cláusula e comprobado que se cumpriu co estipulado nas accións descritas no presente convenio, procederá ao pagamento da achega estipulada.

En todo caso, o Igape, resérvase o dereito de solicitar a ACLUNAGA a documentación adicional que considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presen-



te convenio, para verificar a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento e das actividades realizadas.

ACLUNAGA deberá dispor de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial que lle sexan de aplicación. Manterá a disposición do Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, dita documentación, así coma todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo. Todo isto, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

Oitava. Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha Comisión de Seguimento da execución do convenio de composición paritaria, formada por un máximo de 2 representantes de Aclunaga e de 2 representantes do Igape, que se reunirá a petición de calquera das partes, e que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Novena. Modificación das condicións

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da Comisión de Seguimento, e formalizarase a través da subscripción da correspondente addenda. En ningún caso poderá supoñer un incremento do orzamento previsto.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A devandita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Décima. Vixencia

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigas que asumen as partes no mesmo e, en todo caso, ata o 30 de decembro de 2022. O período de elixibilidade dos gastos finalizará o 30 de setembro de 2022. A solicitude de cobro do convenio deberá entregarse ao IGAPE antes do 30 de outubro de 2022.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.



Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.

Décimo primeira. Autorizacións

ACLUNAGA consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15703 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

Décimo segunda. Publicidade

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o IGAPE e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no Diario Oficial de Galicia, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida



contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do IGAPE aos órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

ACLUNAGA deberá subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº 294, do 6 de decembro), se calquera das partes accede a datos de carácter persoal contidos en ficheiros titularidade de ACLUNAGA, adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométese a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución deste convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación, por calquera causa, os datos de carácter persoal aos que tivesen tido acceso as restantes partes, deben ser destruídos ou devolverse a ACLUNAGA, incluíndo calquera soporte ou documento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

O Igape responde fronte a ACLUNAGA do cumprimento destas obrigas polas persoas que na súa representación participen de calquera modo na execución deste convenio.

Décimo cuarta. Responsabilidade

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e o Igape, de tal xeito que non se poderá esixir a este instituto responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

Décimo quinta. *Natureza e réxime xurídico*

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformi-



dade co seu artigo 6.2, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de Seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Décimo sexta. Normativa aplicable

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E para que así conste aos efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento, por duplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo **Instituto Galego de Promoción Económica**

Fernando Guldrís Iglesias

Pola **Asociación Clúster del Naval Gallego**

Manuel Vázquez Castro



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



 Xacobeo 21-22



ANEXO II
Declaración responsable titularidade conta bancaria

D/D^a _____ con DNI n^o
_____, actuando en nome e representación da Asociación Cluster del
Naval Gallego

DECLARA:

que a seguinte conta bancaria, da cal é titular a Asociación Cluster del Naval Gallego é a
especificamente designada para os efectos de cobramento da subvención do Igape para a
organización da feira Navalía 2022:

Entidade	Sucursal	D.C.	IBAN

_____, de _____ de 20__
(Sinatura do/a representante)



ANEXO III: MEMORIA ECONÓMICA

CONVENIO COA ASOCIACIÓN CLUSTER NAVAL DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES NA FEIRA NAVALIA 2022

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 24.500,00 € con cargo á partida orzamentaria 06.A1-741A-6400.

O Igape farase cargo dun máximo dun 70% dos gastos totais das actividades obxecto do convenio, correspondendo o 30% restante á aportación de ACLUNAGA. Considéranse gastos atendibles aqueles que de xeito indubidable responden á natureza das actividades e fins do convenio Os gastos clasificaranse do seguinte xeito:

- a) Custos de persoal de ACLUNAGA, en base a nóminas pagadas e certificado de dedicación ao proxecto.
- b) Desprazamentos, aloxamentos e manutención de participantes nas actividades e persoal de ACLUNAGA, cando proceda.
- c) Alugueiros de espazos e medios.
- d) Gastos de publicidade e difusión.
- e) Remuneración de poñentes.
- f) Consultaría ou asistencia técnica especializada en mercados internacionais obxectivo da misión.
- g) Servizos de interpretación na misión.
- h) Outros gastos externos que respondan indubidamente á realización das actividades e fins do convenio, e que deberán autorizarse pola comisión de seguimento.

O resumo dos custos estimados é o seguinte:

Concepto	P. unitario	Uds	P. Total
Dotación de aulas	2.052,00 €	1	2.052,00 €
Cena recepción Galicia Summit	60,00 €	70	4.200,00 €
Organización misión	1.416,00 €	3	4.248,00 €
Viaxe representantes	1.633,33 €	15	24.500,00 €

Deste xeito, o desglose das achegas de cada entidade para as dúas actividades é:

Actividade	Custo sen IVE	Aportación IGAPE (70%)	Aportación ACLUNAGA (30%)
Aclunaga Summit	6.252,00 €	4.376,40 €	1.875,60 €
Misión inversa	28.748,00 €	20.123,60 €	8.624,40 €
	35.000,00 €	24.500,00 €	10.500,00 €

Este reparto por actividades e conceptos é estimativo, de xeito que se poderán compensar ata un máximo dun 30% entre partidas, sen superar o importe máximo do convenio.

ACLUNAGA carece de ánimo de lucro na realización das actuacións obxecto do convenio, polo que a contribución pecuniaria responde a unha compensación dos gastos que terán que soportar de cara a lograr a efectividade e execución do convenio.